

Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 503/2015.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación Municipal de Padrón para o vindeiro día **2 de xullo de 2015 (xoves) ás 13:30 horas** no Salón de Sesións desta Casa Consistorial, coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación do día e hora de realización das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal.

2.- Aprobación do número e denominación de Comisións Informativas permanentes.

3.- Nomeamento de representantes do Concello de Padrón en órganos colexiados.

4.- Recoñecemento da dedicación exclusiva e parcial de diversos cargos.

5.- Dación de conta da constitución dos grupos políticos.

6.- Dación de conta do nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.

7.- Dación de conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

8.- Dación de conta dos acordos do Alcalde de delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.


Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 29 de xuño de 2015



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante mín

A Secretaría

Asdo. Ana María Ares Álvarez